

Subir nota

1.- Estudiantes españois ou estranxeiros asimilables:

Os estudantes poderán presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación da Parte Obrigatoria da proba. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.

Os estudantes poderán presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación de calquera das materias da Parte Voluntaria. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior, e tendo en conta o período de validez de superación das materias obxecto de exame na Parte Voluntaria establecido.

Nas sucesivas convocatorias a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade realizarase na universidade pública á que estea adscrito, ós indicados efectos, o centro de educación secundaria no que superasen o segundo curso de bacharelato ou na universidade á que estea adscrito o instituto de educación secundaria máis próximo ao seu lugar de residencia.

2.- Estudiantes non nacionais procedentes de sistemas educativos estranxeiros con estudos homologables ao título de bacharelato español:

Os estudantes procedentes de sistemas educativos estranxeiros con estudos homologables ó título de bacharelato español poderán presentarse en sucesivas convocatorias para mellorar a cualificación da Parte Obrigatoria ou de calquera das materias da Parte Voluntaria. Tomarase en consideración a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que esta sexa superior á anterior.